

Convenio	Data de sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Camariñas para a realización da XX Mostra do encaixe de Camariñas.	30-3-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a <i>Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia</i> (CEAGA) para procurar a implantación dunha planta de baterías de vehículos eléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia.	30-4-2010
Convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto do Centro de Día-Fogar Residencial para atención a persoas maiores (Centro Xeriátrico) en Cerceda.	23-3-2010
Protocolo xeral de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a <i>Asociación de Escavadores de Galicia</i> para a posta en seguranza de ocios orixinados por aproveitamentos mineiros abandonados e a recuperación do seu espazo natural degradado.	12-1-2010
Convenio específico polo que se establece a colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e a Xunta de Galicia para o desenvolvemento do protocolo xeral relativo ao programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (Programa I3) para o ano 2009.	15-4-2010

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se amplía a autorización para a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.30ª da Constitución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo IV do seu título I, determina a organización do bacharelato en diferentes modalidades, e o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, determina os aspectos básicos do currículo do bacharelato que deberán formar parte do aprobado polas administracións educativas para este nivel educativo no seu ámbito territorial.

A Orde do 29 de maio de 2008 autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 6 de xullo de 2009 amplía a implantación das modalidades de bacharelato establecidas na Orde do 29 de maio de 2008.

Analizadas as necesidades educativas xurdidas en relación coa oferta de modalidades en funcionamento, resulta aconsellable ampliar esta oferta, coa finalidade de mellorar a atención ao alumnado de bacharelato.

De conformidade co exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a implantación da modalidade de bacharelato de artes, vía de artes escénicas, música e danza, nos centros públicos seguintes:

IES Manuel García Barros da Estrada (Pontevedra). Código 36002335.

IES María Soliño de Cangas (Pontevedra). Código 36000922.

Segundo.-Autorizar a implantación da modalidade de bacharelato de artes, vía de artes plásticas, deseño e imaxe, nos centros públicos seguintes:

IES Manuel García Barros da Estrada (Pontevedra). Código 36002335.

IES Ramón María Aller Ulloa de Lalín (Pontevedra). Código 36004137.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. No seu artigo 66 establece que a educación para persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezoito anos a posibilidade de adquiriren, actualizaren, completaren ou ampliaren os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional e que os seus obxectivos son, entre outros, adquirir a formación básica, facilitar o acceso aos diferentes niveis do